

O DRAGÓN DO NOSO ENTROIDO

Este ano no colexio fixemos un dragón para presentalo durante o entroido pero en realidade ten moito que ver co tema que traballamos sobre os mitos.



Non fai moitos anos nas procesións do CORPO saía a imaxe do infernal monstruo como figura draconiforme que simboliza o demo.

Aínda que non era igual en todos os sitios, si gardaba certa semellanza: corpo serpentiforme, cabeza ergueita con crista e grandes fauces dentadas.

A coca, esa figura procesional en forma de dragón, chegou ata os nosos días como en REDONDELA e na vila miñota de Monçao, por só nomear dous lugares que quedan máis preto.

Para o mundo greco-romano o dragón era unha divinidade inferior que propiciaba o pulo dos vexetais. Para o cristianismo vén a ser todo o contrario, e por eso cumpría vencelo.

Este mítico animal vive case sempre nas augas, pero a sabiduría popular procúralle unha morada non lonxe de onde se celebra o acontecemento. A coca de Monçao saíu do Miño, e un aposto mozo acabou con ela. A de Redondela saíu do mar, o mesmo que a monsanense, roubaba fermosas mozas.

A súa morada estaba na ría de Vigo, preto da illa de S. Simón . Tiveron que se-los valentes mariñeiros os que lle desen morte.

Lembrando aquel feito tódolos anos o día de Corpus bailan na procesión os danzantes coas espadas e as penlas.


Pensamos que nos demais lugares o mítico monstro sairía do Lérez en Pontevedra, do Miño en Ourense, do Avia becha de Ribadavia.

Algo común a varias culturas é a crenza de que o dragón antes foi serpe como símbolo da vida. (A medicina e a ciencia escollérona como o seu símbolo).

As representacións plásticas do dragón e a serpe son distintas, pois mentras que a serpe por tratarse dun ser real admite poucos engadidos, o

dragón ó pertencer ó mundo da fantasía a súa iconografía pode levar todos cantos a mente humana lle queira poñer.

Aínda hoxe pervive a convicción popular de que as serpes vellas vanse ó mar e convértense en dragóns mariños.



Nas relixións monoteístas os deuses dos inimigos convértense nos seus demos .

E para esta tarefa tan especial escolleron un animal adorado por case tódolos pobos veciños e para algúns o símbolo da sabedoría e a maxia.

Esta idea, dragón e serpe igual a **demo**, será a que perdure no cristianismo.

O cristianismo seguíu dous camiños para acabar coas crenzas anteriores á súa chegada: prohibilas ou sincretizalas de tal xeito que a súa rematase como superior co paso do tempo.

Así as fontes acabaron en "santas" cando xa contaban con culto desde moitos séculos antes.

Outro tanto sucede co dragón, que pasou a simbolizar ó **demo**, rematando sempre vencido por algún representante da nova relixión. Incluso podería dicirse que os mitos e a tradición de relixión popular da Europa precristiá sobrevivíu disfrazada ou transformada nas festas do calendario ou no culto dos santos.

A imaxe que temos do clásico dragón é un composto formado por elementos de diferentes animais, pero sempre dos máis negativos: cobras, morcegos, cocodrilos...

E por tratarse dunha manifestación universal a pesar das distancias e culturas entre os dragóns hai algunha semellanza: pertencen ó mundo da fantasía e, no esencial, veñen a selo mesmo e tamén a ter igual significado.

Alumnado de 5º